




1. EMPRAZAMENTO




DATOS XERAIS

Comarca: Golfo Ártabro. Sector: Rías de Ares e Betanzos. Concello: Bergondo; Sada. Parroquia: San Xoán de Ouces, ocupa a metade norte; San Salvador de Bergondo, o sector sueste; San Vicente de Moruxo, ocupa un pequeno sector central no este; Santa Marta de Babío no sector máis meridional; San Xoán de Lubre nunha esquina no centro-oeste; e Santa María de Sada nunha pequena esquina no extremo noroeste da unidade. Extensión: 4,72km²

2. CARACTERIZACIÓN

ELEMENTOS NATURAIS



AS FORMAS DO RELEVO

Unha pequena rede fluvial degrada de maneira irregular a antiga superficie de aplanamento dos 100/200m. Fórmase unha cunca bastante aplanada con pendentes suaves (desnivel de 189m en 2,3km). A fronte costeira é acantilada e contén depósitos areosos e lamacentos ao pé.

AS UNIDADES LITOLÓXICAS

Unidade baixo o Dominio da "Serie de Ordes", con materiais metamórficos xistos e cuarzosistos, de idade precámbrico-silúrica. En Ouces aparecen dúas bandas de xistos filíticos. No Cuaternario importa o holoceno costeiro areoso e os sedimentos detríticos da cunca de Gandarío.

A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Vertente costeira de ambiente climático Cálido e Subhúmido definido por temperaturas medias anuais superiores a 14°C e precipitacións acumuladas de entre 1000mm e 1200mm ao ano. A amplitude térmica media anual oscila entre os 12,5°C e os 13,5°C.

OS SOLOS

Esta unidade presenta dous tipos de solo, o dominante na maior parte, un cambisol eútrico, e o existente na parte alta da unidade, cara ao sur, un fluvisol háptico.


AS AUGAS

Vertente costeira que ten no Rego de Gandarío a súa corrente fluvial máis importante. Forma un pequeno val cuxo principal tributario conflúe pola marxe dereita pouco antes da Praia de Gandarío onde desauga sobre a masa de Augas Costeiras da Ría de Ares e Betanzos (20096).

O PATRIMONIO NATURAL

Unha unidade mixta con cantís e praias intermareais ao pé. Aparecen o hábitat 1230 de cantís atlánticos e o 1210 de vexetación anual sobre refugallos mariños acumulados tendo en conta que son habituais as plataformas e as praias de pé acantilado. Existe algunha zona na que destaca o hábitat 1140, é dicir, as chairas lamacentas e / ou areosas intermareais, en concreto, en Gandarío. O areal de Gandarío ten o conxunto de dunas completamente destruído. A unidade está salpicada de pequenos rodais de frondosas caducifolias cuxa orixe é múltiple. Por un lado temos masas mixtas máis extensas, nas que as frondosas se mesturan con eucaliptos. É o caso da vertente traseira da praia de Gandarío. Doutra banda, abundan os pequenos rodais de recolonización, sendo máis escasos os ripícolas (91E0). As non ripícolas inclúense, con maior ou menor degradación, nos hábitats 9230 e 9260.

ELEMENTOS ANTRÓPICOS



USOS DO SOLO

O solo desta unidade caracterízase por un uso fundamentalmente agrícola pero altamente fragmentado, xa que a irrupción dos procesos de urbanización alterou notablemente a distribución espacial das diferentes actividades que se realizan nel. Os usos agrícolas agora en retroceso alternanse con superficies residenciais, pequenas masas inconexas de bosques de repoboación ou vexetación de ribeira vinculada ao curso do rego de Gandarío. Só os Montes de Reboredo, no centro do ámbito, e o do extremo meridional manteñen unha cobertura continua de bosque de repoboación. Na fronte costeira, aínda que foi ocupado parcialmente con crecementos residenciais, aparecen restos de vexetación costeira atlántica, especialmente relacionadas coas formacións de cantís.

MORFOLOXÍA

Esta é unha unidade tradicionalmente moi poboada, mediante un rosario de asentamentos que se distribúen a ambos os dous lados dos Montes de Reboredo, a maioría a uns 25 metros por encima do nivel do mar. Estas poboacións, pequenas e compactas e conectadas entre si por unha densa rede de camiños tradicionais, gardaban unha clara relación de dependencia cos núcleos de Cornide (na costa, á beira da praia de Gandarío), Moruxo (no extremo nororiental) e San Cidre, no bordo sur do territorio. Na actualidade, o crecemento disperso por todo o territorio deu lugar a un continuo construído de moi baixa densidade e moi expansivo, ocupando unha grande extensión de terreo con tipoloxías de vivenda unifamiliar illada non vinculada a labores produtivos. Pérdense por tanto as relacións xerárquicas entre os diferentes asentamentos.

INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

A vía máis importante que atravesa a unidade é a AC-162, que vén polo oeste desde Sada e atravesa polo leste dos Montes de Reboredo até chegar ao cruzamento de Carriño, xa fóra desta unidade. Pola parte occidental, a vía C-0808 tamén percorre ao longo a paisaxe partindo desde a AC-162 e transcorrendo cara ao interior. A maior parte das conexións transversais, en sentido paralelo á fronte litoral, realízanse na parte máis próxima á costa, entre a praia de Gandarío e os Montes de Reboredo. A práctica totalidade das vías que hoxe serven para estruturar o territorio apóianse en camiños, vías e socialcos que xa facilitaban tradicionalmente o acceso ás terras de cultivo e a súa relación cos asentamentos.

PATRIMONIO HISTÓRICO

Esta unidade organízase ao redor de dous montículos que conforman o Monte de Reboredo, en cuxa cima se sitúan os Castros de Ouces e de Bergondíño. Trátase dos dous exemplos máis salientables de patrimonio arqueolóxico que atopamos neste territorio. Entre o patrimonio arquitectónico destaca o Monumento histórico constituído polo mosteiro e pola igrexa de San Salvador de Bergondo, conxunto arquitectónico beneditino construído a finais do século XII que constitúe un bo exemplo da arte monacal propia do románico galego. Entre o resto de elementos patrimoniais que salpican o territorio, pódese apuntar a igrexa parroquial e a casa reitoral de San Xoán de Ouces, a estrutura defensiva de Punta Conveira (BIC), así como numerosos elementos de patrimonio etnográfico en Bergondíño, Cornide e Moruxo.

O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

A característica principal desta unidade é a súa particular conformación xeográfica, xa que se trata dunha área fundamentalmente plana cunha importante elevación no centro, os Montes de Reboredo. Isto condiciona a organización da paisaxe. Así, achamos unha rede viaria cunha forte compoñente lonxitudinal, que estrutura o territorio no eixo norte-sur, a ambos os dous lados dos montes mencionados, cosendo os diferentes asentamentos tradicionais. Esta rede soporta un intenso crecemento de tipoloxía predominante de vivenda unifamiliar illada, asentándose alí onde antes se producían actividades agrícolas e que se densifica na fronte litoral polo aproveitamento turístico da praia de Gandarío.

DINÁMICA DA PAISAXE

O que antes era un mosaico continuo de pequenas parcelas agrícolas que rodeaban os Montes de Reboredo, no centro do ámbito, e cunha serie de asentamentos periféricos que o organizaba, converteuse agora nun territorio que soporta unha urbanización dispersa de baixa densidade pero alta extensión. Isto débese á dobre dinámica de redución da actividade agrícola e incremento da presión residencial, xa que novos modelos de asentamento permiten e mesmo potencian a localización de residencias en zonas afastadas de conglomerados urbanos. Esta redución do uso agrícola permitiu o incremento da superficie forestal, especialmente aos pés dos Montes de Reboredo (e mesmo na ladeira e a cima deste, outrora cultivado) e na parte oriental da unidade. Pola contra, o incremento da presión residencial provocou unha redución da superficie natural e unha transformación de antigas parcelas agrarias en soporte de desenvolvementos urbanísticos.


RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

3. AVALIACIÓN

VALORACIÓN DA PAISAXE

A unidade paisaxística de Bergondo acolle elementos naturais de especial valor, como a praia de Gandarío, as fronte acantiladas que a rodean, o curso do Rego de Gandarío coa vexetación de ribeira asociada, certas masas forestais que se distribúen inconexas polo territorio e os Montes de Reboredo, un auténtico fito paisaxístico para toda a zona. Debido á súa fortaleza natural, a pesar dos contemporáneos usos residenciais extensivos aínda mantén unha importante capacidade expresiva. Detectouse un punto de observación moi próximo á praia de Gandarío



4. PLANIFICACIÓN

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ACCIÓNNS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN

Nesta unidade non se contemplan posibles ámbitos de requalificación.

Lenda / Leyenda

Usos do solo / Usos del suelo

- | | |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareais |  Matogueiras / Matorrales |
|  Marismas / Marismas |  Cultivos e prados / Cultivos y prados |
|  Praias / Playas |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas |  Viñedos / Viñedos |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico |
|  Cantis / Acantilados |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos |  Outras masas de auga / Otras masas de agua |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera |  Canteira / Cantera |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos |  Artificial / Artificial |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización | |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo | |

Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

Hidrografía / Hidrografía

Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros

Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

Batimetría / Batimetría

- | | | | | |
|---|---|--|---|---|
|  0 m |  -20 m |  -100 m |  -500 m |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |

Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



